



Confederación Intersindical Galega

**ALEGACIONES
DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AO PLAN HIDROLÓXICO
DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA
GALIZA-COSTA**

DESCRIPCIÓN XERAL DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA

No marco biótico non se definen as especies de fauna e flora protexidas e o seu grao de protección, así como os seus hábitats e a súa distribución natural.

Sí se identifican as especies de flora e fauna alóctona que se atoparon nos “hábitats acuáticos ou relacionados coas masas de auga”. Hai que ter en conta que os hábitats fluviais xa foron detectados como os máis invadidos na Galiza no “Diagnóstico sobre a situación das Especies Exóticas Invasoras en Galicia” elaborado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza. A falta de citas sobre outros documentos, ese debería ser o marco de referencia para analizar esta problemática das bacías hidrográficas da Galicia costa.

Os listados precisan unha revisión xa que:

Nas especies de flora alóctona invasora, sobran *Pinus radiata* e *Salix babylonica*, xa que son especies exóticas que non están consideradas invasoras en Galicia, ao tempo que *Baccharis halimifolia* é unha especie con elevada potencialidade de aparición e perigosidade, pero que aínda non está citada en Galicia (p. ex., Arcea, 2007; Fagúndez & Barrada, 2007; Romero, 2007), como podería haber outras varias non citadas no Borrador. Porén, faltan no listado moitas outras especies xa consideradas invasoras en Galicia (Arcea, 2007; Fagúndez & Barrada, 2007; Romero, 2007), por ex: *Acacia longifolia*, *Acacia mearnsii*, *Ailanthus altissima*, *Amaranthus hybridus*, *Amaranthus powellii*, *Arctotheca calendula*, *Aster squamatus*, *Bacopa monnieri*, *Bidens aurea*, *Bidens frondosa*, *Buddleja davidii*, *Carpobrotus edulis*, *Carpobrotus acinaciformis*, *Conyza canadensis*, *Cotula coronopifolia*, *Helichrysum petiolare*, *Ipomoea indica*, *Lilaeopsis carolinensis*, *Oenothera glazioviana*, *Oxalis pes-caprae*, *Phytolacca americana*, *Senecio mikanioides*, *Vinca difformis*, *Cyperus eragrostis*, *Eleocharis bonariensis*, *Paspalum dilatatum*, *Paspalum paspalodes*, *Paspalum vaginatum*, *Spartina patens*, *Stenotaphrum secundatum* e *Tritonia x*

crocosmiiflora, entre outras ligadas a ribeiras e cuncas hidrográficas, a *Elodea canadensis*, *Eicchornia crassipes* e *Ludwigia grandiflora* entre as plantas estritamente acuáticas.

Entre a fauna alóctona, destaca a ausencia do crustáceo mariño *Crepidula fornicata* e dos moluscos *Potamopyrgus antipodarum*, *Balanus improvisus* e *Elminius modestus*, así como a incorporación de varios peixes aínda non citados en Galicia (pero que poderían estalo nun futuro próximo, como *Silurus glanis*) e outros de efectos invasores non constatados (*Gobio*, *Cobitis* spp., *Phoxinus...*), xunto con aves como *Oxyura jamaicensis* (ocasional e non invasora en Galicia) e *Estrilda astrild* (efectos invasores non constatados).

Isto indícanos que, ademais da necesaria revisión da listaxe, procede facer unha nova clasificación, alóctonas non invasoras, alóctonas invasoras presentes, e alóctonas invasoras que, non estando a día de hoxe presentes nestes hábitats, poden ser potencialmente invasoras, e ante as que se precisan de medidas de prevención.

Por outra parte bótamnos en falta tamén a relación dos hábitats e lugares de detección no seu caso das especies alóctonas.

CARACTERIZACIÓN DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS

Ríos

Na discretización destas masas de auga tense en conta a existencia de zonas protexidas. Sen embargo, pensamos que faltan figuras de protección, tanto autonómicas como estatais e internacionais, de espazos naturais protexidos, así como a existencia de especies catalogadas.

Lagoas e Humidais

Os criterios dimensionais que se empregan para determinar as masas de auga significativas da categoría lagos IPH non son axeitados á realidade galega. Proba diso é a conclusión do propio Plan, de que na Galiza non existen masas de auga clasificábeis neste apartado. Preguntámonos qué facemos logo con aquelas lagoas e humidais naturais que, sen ser ríos nin augas de transición, existen realmente no noso país ? Deixámoslos sen protección ?

Débase considerar, ademais, incorporar a esta categoría, as lagoas ou zonas húmidas protexidas ao abeiro da Lei 9/2001.

Non estamos acorde coa asimilación ou equiparación dos embalses á categoría “lagos”, xa que a oscilación non natural dos niveis das augas dos mesmos, por mor do aproveitamento hidroeléctrico, condiciona, entre outras cousas, o desenvolvemento correcto da vexetación da ribeira, ou o tipo de fauna.

Augas de transición

Hai unha grande cantidade de masas de auga que segundo os criterios utilizados no plano (IPH) non aparecen coma significativos, polo que entendemos que non hai prevista actuación algunha. Reclamamos que se cartografen para saber cal é a súa importancia relativa en relación coas masas de auga consideradas como significativas (unicamente 22 na redacción do PHGC). Feito este traballo, poderase valorar a significación que lle corresponde.

USOS DA AUGA

Uso doméstico

Non se poderán establecer criterios de consumo baseados exclusivamente na categoría do concello e o número de habitantes, polo que pedimos unha nova diferenciación á hora do estudio das vivendas de poboación permanente, que recolla a realidade galega da existencia de amplas zonas, aínda en núcleos de poboación relativamente grandes, nas que son frecuentes as practicas agrarias de autoconsumo, coa repercusión que iso ten no uso da auga.

Actividades de ocio:

a) Piscinas

Neste PHGC non aparecen datos do número de piscinas, públicas e privadas, e o seu consumo de auga. É importante facer unha diferenciación entre o uso público e o uso privado da auga.

b) Golf

Os datos que facilita o Plan Hidrolóxico son antigos e incompletos, e, o que é peor, non aporta cifras sobre o consumo destas instalacións nin sobre a orixe da auga consumida.

c) Augas termais

Non existen no Plan datos sobre consumo de augas termais, nin sobre o seu estado e as concesións actuais.

d) Zonas de baño

Bótase en falta unha relación das zonas de baño, especialmente nas augas fluviais.

Uso industrial para a produción de enerxía eléctrica

Este tipo de uso, sendo un dos que máis afecta á calidade do medio fluvial e das masas de auga de Galiza, é tratado superficialmente, sen que se definan as posibles novas centrais, as xa existentes, a potencia empregada, a cantidade de auga utilizada etcétera, polo que este apartado debe ser ampliado e mellorado. Por outra parte, no PHGC aparece un cadro onde se reflicten 33 novas concesións para o aproveitamento da enerxía hidroeléctrica que xustifica unicamente en base o Plan Enerxético de Galicia 2007-2012, o cal xa foi alegado e cuestionado por esta central sindical. Ademais sitúase no Plan dentro do apartado de usos, como se xa fose un feito incuestionable e necesario. Dende a Confederación Intersindical Galega rexeitamos de cheo calquera nova instalación deste tipo nas masa de auga galegas. Mais aínda cando tódalas existentes non se adecúen á lei, deixen de afectar o medio e non se faga un estudo máis serio no que se teña en conta esta afección de xeito individual e conxunto na totalidade das masa de auga .

PRESIÓNS

Fontes de contaminación puntuais

Ante as presións significativas ás que están expostas as masas de auga da demarcación hidrográfica Galiza Costa, e apreciando que no cadro que se aporta a metade dos tipos de presión correspóndense a “verquidos doutras fontes puntuais”, consideramos que é preciso definilas. Así mesmo, propoñemos incluír as seguintes:

- Verquidos de canteiras.

- Gasolineiras.
- Augas pluviais urbanas ou de escorrentías superficiais urbanas.

Fontes de contaminación difusa

É preciso incluír, como fontes de contaminación difusa, as seguintes:

- A contaminación provocada polo incremento da escorrentía superficial asociada a incendios forestais.
- A contaminación provocada polo incremento da escorrentía superficial asociada a obras públicas e privadas, obras de infraestruturas (movementos de terras, perforacións...).
- A contaminación provocada pola aplicación de produtos fitocidas nas ribeiras dos ríos , nas beiras do ferrocarril e nas cunetas das estradas.
- A contaminación provocada por traballos agrícolas nas marxes dos ríos e regatos, tais como laboreo, fertilización, uso de pesticidas, desbroces...

Alteracións morfolóxicas e regulación de fluxo nas masas de auga superficiais

Para poder ser valoradas adecuadamente, a relación de tipos de alteración que se facilita, debe ser catalogada en cada unha das masas de auga obxecto do Plan. Non só cumpre saber o número de presións senón coñecer ónde se da e que tipo de presión.

No que se refire ás centrais hidroeléctricas téñense que considerar como presións de xeito diferenciado aquelas presas que teñen medidas de corrección para o remonte das especies ictícolas das que non o teñen ou que non teñen un funcionamento correcto.

SISTEMAS DE EXPLOTACIÓN

Nos sistemas de explotación descritos no Plan deberían indicarse as presións as que están sometidos, así como a súa localización e afección no medio hidráulico.

ZONAS PROTEXIDAS

As masas de auga que conteñen Zonas Protexidas nas que resaltamos as Zonas de Protección Especial, teñen que aplicar os valores e criterios de protección a toda a masa de auga por ser o medio acuático un medio “aberto” e dinámico.

REDES DE CONTROL

Bótase en falta a utilización de criterios de mostraxe semellantes por parte das administracións públicas que comparten a súa área de traballo e competencias na demarcación hidrolóxica Galicia Costa, (Servizo de Conservación da Natureza, Augas de Galicia, Universidades e centros de investigación, Servizo de Costas...) a e normalización do intercambio de datos pode aportar maior capacidade a hora de determinar a calidade das augas, enriquecendo os datos e optimizando os recursos.

Por iso propomos que as diferentes administracións implicadas, Xunta de Galicia, Universidades, Administración Local.. establezan mesas de traballo conxuntas, coa participación das organizacións sociais, para unha determinación máis axeitada das características das masas de auga de Galicia,

e consenso dos criterios a empregar así como medidas tendentes a formación dos seus traballadores e traballadoras.

Hai que redefinir as redes de control en base as propostas en parágrafos anteriores no que respecta a consideración de masas de auga significativas.

Débense ter en conta parámetros piscícolas e hidromorfolóxicos así como diminuír a periodicidade das tomas de mostras ao menos de 6 a 3 anos no caso de macroinvertebrados.

Resulta fundamental que os datos e resultados das mostrases e análises realizados nos puntos de control sexan accesibles ao público de xeito claro e con rexistros históricos na páxina web, garantindo o acceso a información pública e promocionando a concienciación cara a valorización deste recurso.

Unha vez identificada e valorada a calidade das augas das masa de auga, cando o resultado non é o desexado en base os criterios que se establecen no Plan, botamos en falta un plan de control de verquidos que, ademais de detectar, busque e identifique a orixe e leve a cabo as medidas correctoras que se precisen. Cunha normativa máis ambiciosa que permita unha rápida actuación á hora da iniciación do procedemento sancionador, se fose o caso, e da aplicación de medidas cautelares.

CANON SOBRE O USO DO AUGA

Cando falamos da implantación dun canon da auga, debemos definir claramente qué tipo de aposta queremos realizar, racionalizar se hai razóns ou non para establecelo, valorar cara qué sectores e actividades debe ir dirixido e, finalmente, explicalo aberta e amplamente á sociedade.

Se ben a aplicación deste canon baséase no concepto de que a auga que empregamos é ensuxada e, en consecuencia, ten que posteriormente ser tratada, os esforzos deberán redobrase no camiño de esixir a non contaminación das augas, para o que se terá especial tesón na vixilancia e control por parte das administracións.

Pero quen ensuxa e contamina realmente a auga? A ninguén se lle escapa que non son os fogares os que contribúen en maior medida ao deterioro e contaminación da auga. É a actividade industrial a que ten maior cota de responsabilidade. Pensemos cántas vivendas e qué poboación faría falta para equipararse ao consumo, e conseguinte grao de contaminación, dunha soa canteira de extracción mineira, dunha planta de formigón, ou dun matadoiro.

Por outra banda, pensamos que é necesario ligar o canon coa produtividade xerada polo uso da auga, así como cos beneficios que dela se obteñen. Pensemos por exemplo nas actividades económicas non consuntivas, que, aínda sen chegar a consumir nin a contaminar directamente a auga –aínda que si provocando o seu deterioro e un importante impacto-, si lle saca un pingüe beneficio a un ben que nos pertence a toda a sociedade. Son estas actividades, como é o caso das hidroeléctricas, as que deben soportar un gravame como o que se está propoñendo.

Ao mesmo tempo cómpre a diferenciación do uso realizado polo sectores produtivos máis desfavorecidos da Galiza e que de xeito consuetudinario empregaron este recurso, como son o sector agrario e gandeiro, nos que un novo gravame non ten sentido.

Finalmente, hai que afondar no camiño de sensibilizar ao conxunto da sociedade de que a auga non é un ben ilimitado, polo que urxe reducir o consumo. O establecemento de 410 litros por habitante e día que o Plan recolle para poboacións de máis de 250.000 habitantes, non vai en absoluto na

dirección de apostar polo uso racional da auga. Gravar á cidadanía galega polo uso dun ben público é un concepto perverso ao mesmo tempo que inxusto.

PLAN DE CONTROL DE VERQUIDOS

O Plan de Control debe conter un protocolo no que se organicen paso a paso as diferentes actuacións, dende a detección do verquido, a inventariación e as medidas para asegurar o cumprimento da norma, de xeito que, no caso contrario, poña en marcha o correspondente procedemento sancionador.

PROGRAMA DE MEDIDAS

Propomos que se recollan e apliquen as seguintes medidas:

1. Incluir medidas para a vixilancia, control, prevención e erradicación das especies alóctonas invasoras e potencialmente invasoras.
2. Medidas destinadas á sensibilización da sociedade galega sobre os valores económicos dos ecosistemas acuáticos.
3. Plan de información sobre a aplicación do PH GC e de denuncia de alteracións no medio, que deberá contar cun teléfono e unha plataforma web de fácil acceso.
4. Medidas normativas de cara a conseguir uns ecosistema riparios de maior calidade e corredores ecolóxicos (lei 43/2007 de conservación da biodiversidade):
 - a. Nos procesos de concentración parcelaria, non se incluírán como superficie de terreo agrario a parcelar (na fase de reparto) os 25 metros de ribeira de ríos e regatos. Protexendo esta zona de accesos e rede viaria.

- b. Na zona de servidume do Dominio Público Hidráulico, (5 metros) non se poderán realizar traballos agrícolas, incluídos os de laboreo, fertilización, sementeira e aplicación de tratamentos fitosanitarios, para que se conforme unha pequena área de amortecemento de presións debidas á contaminación difusa.
5. Programa de seguimento de colmatación de embalses e eliminación de sedimentos, nos que se deberá actuar tanto na prevención dos aportes como na súa retirada.
 6. Articular na normativa que a calidade das augas devolta nos usos industriais, acuicultura, aproveitamentos hidroeléctricos, aproveitamento enerxético de forza motriz e centrais térmicas, deberá ter parámetros de calidade iguais (incluída a temperatura) aos que tiña antes da súa captación.
 7. Cómpre artellar medidas normativas de cara a buscar a estabilidade do nivel de auga tanto na zona embalsada como no tramo situado entre a presa e as restitucións, así como na masa situada por debaixo da presa das instalacións hidroeléctricas, para así permitir o desenvolvemento correcto do ecosistema fluvial.
 8. O Plan e a súa normativa debe contemplar, en primeiro lugar, un protocolo de medidas de cara á redución de consumo de auga debido a unha seca prolongada, e non actuar minguando os caudais ecolóxicos, por si xa efémeros, xa que a ausencia de caudal durante unhas horas ten efectos desastrosos no medio acuático.
 9. No que se refire ao apartado das dotacións de auga para o abastecemento urbano, non comprendemos a diferenciación que se fai, á hora de establecer topes de consumo por habitante e día, entre as poboacións de menos de 2.000 habitantes e as de máis de 250.000, xa que o Plan establece un consumo máximo de 210 litros para as primeiras e de 410 para as segundas. Consideramos que estas cifras están moi elevadas e que, ademais, non se xustifican no texto. É preciso apostar por reducir o consumo. Máxime se temos en conta que con datos do ano 2006 estabamos en 160 litros por habitante e día. A nosa

proposta consiste en establecer un consumo máximo igual para todas as poboacións utilizando o dato máis reducido (210 l/hab./día) e que a diferenciación se estableza cando hai un uso agrícola para o autoconsumo ampliando neste caso a dotación.

10. As medidas a aplicar nos tramos catalogados no Plan como de interese natural serán esixibles e implementadas en toda a masa de auga que acolle dito tramo.
11. Nas autorizacións de verquido, no que á aplicación normativa a se refire, a administración hidráulica esixirá en todo caso que os aliviadoiros de crecida dispoñan dunha cámara de sólidos así como de dispositivos axeitados para impedir a saída de graxas e aceites.
12. Por mor de que hai un grave problema de aporte de hidrocarburos, entre outras sustancias, na esorrentía superficial urbana, e verquidos directos por canalización das augas pluviais ás masas de auga, estas augas deberán recibir algún tipo de tratamento físico previo ao dito verquido. Isto debe constar como un novo punto no artigo que trata os verquidos procedentes de zonas urbanas.
13. Compre a revisión e adaptación dos caudais ecolóxicos das concesións hidroeléctricas en funcionamento, tendo para iso en conta os métodos hidrobiolóxicos. Do mesmo xeito, debe establecerse control da calidade da auga turbinada e desembalsada, de cara a que teña uns parámetros de calidade hidrobiolóxica semellantes aos que tiña antes da súa captación. Tamén é preciso o establecemento dun réxime de avenidas ordinarias semellantes aos que tería o tramo regulado no seu estado natural.
14. Implantación dun plan de retirada de obstáculos no medio fluvial, incluídas presas que non cumpren a normativa en materia de protección ambiental ou de baixa produtividade (potencia instalada).
15. Propomos ademais realizar un planeamento serio das medidas correctoras das presións que actúan sobre a demarcación hidrolóxica. Planeamento ambicioso que non se quede en que “quen contamina paga”, e coa correspondente imposición de sancións, senón que obrigue

de xeito claro ás empresas a cumprir a lexislación vixente (como exemplo cos caudais ecolóxicos) así como a restaurar o dano causado por mor da presión imposta.

RECURSOS HUMANOS PARA A APLICACIÓN DO PLANO HIDROLÓXICO GALICIA COSTA

Os traballadores e traballadoras que realicen as súas funcións tanto nas redes de control coma tramitación, información e tódalas outras funcións que teñen relación con este Plan deberán ser persoal propio da administración hidráulica. En especial o referente á inspección e vixilancia, que deberán ser ocupados por persoal funcionario público, dotado coa presunción de veracidade que lle corresponde como axentes da autoridade.

Por outra parte, como xa indicamos anteriormente, sería interesante implementar canles de colaboración entre as distintas administracións públicas que teñen competencia sobre o medio acuático así como universidades e centros de investigación co gallo dunha maior coordinación.

Dende a CIG rexeitamos a externalización de tarefas como a toma de mostras nos puntos de control, estudos de concas... e demandamos, unha vez máis, o axeitado dimensionamento do cadro de persoal da Xunta de Galicia ,de cara a cumprir os obxectivos do Plan.

A sociedade galega, dende antigo, mostra preocupación pola conservación das masas de auga, tanto polo seu valor económico, coma social e ecolóxico. Por iso propomos realizar un programa de cooperación na detección de verteduras, limpeza e denuncia de posíbeis afeccións no medio. Tamén se debe traballar de cara unha maior sensibilización social no uso do auga, posta

en valor das masas de auga e de coñecemento do Plan. Para estes programas é importante contar coas organización sociais e de defensa do medio natural.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Pensamos que o Plan Hidrolóxico Galiza Costa, aínda que notabelmente extenso en papel, carece de datos precisos e de calidade que aporten a utilidade necesaria para ter unha visión máis completa do estado actual das masas de auga, das presións que lles afectan, e do conxunto dos usos e demandas, o que permitiría valorar con maior acerto se as medidas que se queren aplicar son ou non correctas.

Apreciamos na redacción do Plan unha tendencia a xustificar novas presións ao noso patrimonio acuático, como é a aplicación de novas taxas contributivas, así como un esforzo, xa non por conservar e dignificar a riqueza acuática que temos a sorte de posuír, senón simplemente de respostar aos requirimentos legislativos da Unión Europea, harmonizando normativa e axustándose á Directiva Marco da Auga.

Dende a CIG reclamamos unha xestión efectiva dos ríos, na que se poidan compatibilizar os intereses sociais e económicos co dereito a ter un medio ambiente adecuado e coa defensa do noso patrimonio natural e etnográfico.

Esiximos unha lexislación que dunha vez por todas obrigue ás empresas que xestionan as centrais hidroeléctricas –que son con diferenza as que maior impacto negativo teñen nos nosos ríos e nos seus contornos- a aplicar uns caudais ecolóxicos mínimos con criterios e parámetros que garantan a conservación do medio.

A experiencia que deica hoxe temos padecido neste terreo pasa polo esquilme dos nosos ríos, da nosa paisaxe, da nosa riqueza agrícola e gandeira, do noso patrimonio histórico e cultural e da nosa economía. Só unha xestión pública desta actividade podería reconducir esta situación de abuso de poder, planificar a recuperación natural do noso país, e garantir a inversión íntegra na nosa nación dos beneficios económicos que a mesma xera.

Por último, afirmamos a nosa posición de que a defensa do noso medio natural é unha acción transversal que debe impregnar todas as actividades públicas das administracións, desde a política industrial, agraria ou económica, ata a defensa dos servizos públicos como a educación, pasando pola potenciación do nos idioma e costumes ou polo planeamento urbanístico. Moito nos tememos que a actual política da Xunta de Galicia non vai nese camiño, polo que dificilmente pode prosperar un Plan destas características, aínda que puidera ser mellorado con aportacións que, como as que vimos agora a presentar, fagan chegar outras organizacións sociais.

Ourense, 18 de febreiro de 2011

Pola Confederación Intersindical Galega

Asinado: Anxo Pérez Carballo (D.I. 34.937.131 Q)

Secretario Confederal de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel

Secretaría Confederal de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel da CIG
Parque de San Lázaro nº 12-4º 32003 Ourense Tfno: 988 23 31 34